



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Aprobación das bases da 9ª Edición do Premio “Quero cantar” de música infantil e xuvenil 2026

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases da 9ª Edición do Premio “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil do ano 2026, cuxo texto se transcribe:

9ª Edición do Premio “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil 2026

BASES

Primeira.- Obxecto

Coa intención de promocionar e difundir o uso da lingua galega e a creatividade poética e musical, a Deputación da Coruña convoca o IX Premio “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil do ano 2026.

En función das idades establécense as seguintes categorías:

Categoría A: infantil

- Idade: ata 12 anos
- Número máximo de compoñentes : 12

Para esta categoría permítese que, incluída no límite de 12 compoñentes, participe unha persoa que supere o límite de idade, que non poderá ser a voz solista, e sempre que o grupo sexa de máis de 2 membros.

Categoría B: xuvenil

- Idade: de 13 a 16 anos
- Número máximo de compoñentes: 12

Para a categoría B, igualmente dentro do límite de 12 participantes, permítese a participación de persoas por debaixo da idade inferior, sempre que este número non chegue ao 50% de membros totais do grupo.

O límite de idade enténdese en referencia á data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Para as dúas categorías a autoría da letra e a música da canción debe ser da persoa solista ou dos membros do grupo que a presenten e esta autoría debe indicarse, igual ca o resto dos roles, no apartado correspondente da inscrición.

Segunda.- Persoas destinatarias

Pode participar calquera grupo ou solista que presente a maqueta dunha canción en galego, con letra e música orixinais e inéditas, que non fosen difundidas publicamente antes, por ningún tipo de soporte nin canle.

As persoas titulares de todos os dereitos da obra deben ser a persoa solista ou membros do grupo que se presenten, e eximen a Deputación da Coruña de calquera reclamación de terceiras persoas a ese respecto.

Terceira.- Dotación

Establécense os seguintes premios:

1º clasificado na categoría infantil:

- Gravación da maqueta en estudio profesional.
- Gravación dun videoclip da canción gañadora
- Material musical (instrumentos, equipamento...), así como contratación de servizos musicais (gravación, mestura, masterización, produción, etc.) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, xogos..) por valor de 1.500,00€

1º clasificado na categoría xuvenil:

- Gravación da maqueta en estudio profesional.

- Participación no programa formativo que se explica no anexo.
- Gravación dun videoclip, ben da canción presentada ao premio, ben da creada no programa formativo.
- Material musical (instrumentos, equipamento...), así como contratación de servizos musicais (gravación, mestura, masterización, produción, etc.) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, xogos..) por valor de 1.500,00€

2º clasificado en ambas as categorías:

- Gravación da maqueta en estudio profesional
- Material musical (instrumentos, equipamento...), así como contratación de servizos musicais (gravación, mestura, masterización, produción, etc.) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, xogos..) por valor de 1.000,00€

3º clasificado en ambas as categorías:

- Gravación da maqueta en estudio profesional
- Material musical (instrumentos, equipamento...), así como contratación de servizos musicais (gravación, mestura, masterización, produción, etc.) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, xogos..) por valor de 500,00€

Cuarta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ás 08:00 horas do día **1 de xaneiro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do 25 de marzo de 2026**, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña.

Quinta.- Tramitación das solicitudes

A convocatoria tramitárase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

- Quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se notifique o dito cambio á Deputación
- Quen presente a solicitude deberá dispoñer de certificado dixital
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude e que actuará como representante do grupo ou artista
- A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros
- Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

A **documentación** que se ha presentar, segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL, é a seguinte:

1. Nomeamento da persoa representante, para as súas relacións coa Deputación da Coruña, asinado polas persoas representantes legais de cada compoñente do grupo ou solista
2. Memoria explicativa na que constarán os datos do grupo ou solista, relación de compoñentes do grupo, tema presentado, autoría e unha breve biografía, acompañada dunha fotografía. No caso de biografía en soporte audiovisual facer constar o enlace
3. Fotocopias dos DNI de cada compoñente do grupo ou artista, ou, no seu caso, do libro de familia e fotocopias dos DNI das persoas representantes legais de cada compoñente do grupo ou artista
4. Ficha das necesidades das actuacións
5. Maqueta da composición en formato audio (Mp3) ou audiovisual (Mp4) dunha duración máxima de 5 minutos
6. Letra da canción en PDF. Opcionalmente, tamén a partitura
7. Documento de aceptación das bases do premio e de cesión de dereitos (para os fins relacionados co premio, exclusivamente) no modelo facilitado pola Deputación para a presente convocatoria

Sexta.- Xurado

Noméanse dous xurados, un para cada unha das fases do premio. Ambos estarán presididos pola Deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, de acordo co seguinte:

Primeira fase: O xurado estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito musical.

Fase final: O xurado comporase de 6 alumnas e alumnos de educación primaria e ESO (tres por cada unha das categorías) con formación musical. Cada membro do xurado recibirá material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, xogos..) por valor de 100,00 €

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación, ou persoa funcionaria na que se delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas", artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

Sétima.- Preselección, fase final, concesión e pago**Preselección**

Todas as cancións presentadas correctamente e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases someteranse á valoración dun primeiro xurado que atenderá aos criterios que a continuación se sinalan, ponderados cun máximo de 20 puntos:

- Calidade artística da música: ata 10 puntos
- Calidade artística da letra: ata 10 puntos

Os tres primeiros clasificados de cada categoría pasarán á fase final.

Fase final: actuación en directo

A fase final terá lugar no Teatro Colón da Coruña cunha gala na que os tres grupos de cada categoría que pasasen da fase anterior deben interpretar a súa canción. Na actuación da gala, cada un dos grupos interpretará a canción presentada na maqueta e unicamente por causa debidamente xustificada, pode ser admitida algunha variación nas persoas que compoñan o grupo, en relación con aquelas que formasen parte del ata esa data, sempre respectando as condicións de idade.

A organización do premio facilitaralles aos grupos que accedan á gala o equipo de son, escenario e equipo de iluminación; tamén fixará os horarios das probas de son e da actuación de cada un dos grupos.

Todas as voces deben ser interpretadas en directo e sen uso de ferramentas de modificación vocal.

Tocante á música, permítese as cancións que inclúan elementos pregravados para aqueles xéneros en que habitualmente se utilizan (hip hop, electrónica...) ou para fusións de calquera xénero con electrónica, pero non como medio para substituír instrumentistas. Eses elementos pregravados, de os haber, deben ser creados polas propias persoas compoñentes do grupo ou artista, e a súa autoría debe ser indicada igual ca o resto dos roles dentro do grupo no apartado correspondente da inscrición.

Cada un dos grupos que participen nesta fase recibirán a cantidade de 200,00 € en concepto de indemnización por axudas de custo e gastos de desprazamento.

Concesión

A proposta de concesión que formule o xurado da fase final será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.

A resolución de concesión será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

Oitava.- Dereitos

Os titulares das obras musicais presentadas, a través da aceptación das bases deste premio, outorgan unha licenza non exclusiva, gratuíta e intransmisible á Deputación da Coruña, aos centros educativos tanto públicos coma privados, así

como ás asociacións ou organismos con fins sociais e culturais e que carezan de fins de lucro, nos termos do artigo 50 da Lei de propiedade intelectual, o Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Os dereitos cedidos son os de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades, incluída a de posta a disposición, e a de sincronización.

O ámbito territorial da cesión alcanza todos os países do mundo e a duración será de 10 anos.

A finalidade desta licenza atende ao espírito deste premio de dinamización da creatividade infantil e xuvenil, promoción das obras presentadas e dinamización da lingua galega.

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades e a publicación dos vídeo clips realizados.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPd pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Décima.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

ANEXO**Programa Formativo Quero Cantar 2026****Contido**

O Programa formativo Quero Cantar 2026 fai parte do premio que se outorga á proposta vencedora na categoría xuvenil da mesma edición do premio e consta dos seguintes apartados:

A. Titorización creativa

Titorización por parte dun ou dunha artista de recoñecida traxectoria na música galega para o desenvolvemento dunha canción.

O grupo ou solista que resulte seleccionado debe achegar a idea para unha canción en estado inicial.

Durante un período de catro semanas e durante dúas horas semanais desenvolverase a titorización de xeito presencial, nos horarios e no espazo que de común acordo se establezan entre ambas as partes.

A función da titoría será transmitir tanto os seus coñecementos na creación musical e poética, para asesorar no desenvolvemento da canción, como a súa experiencia nos diversos aspectos que implica o desenvolvemento dunha carreira musical.

A persoa titora terá tamén un papel interpretativo, vocal ou instrumental, na posterior gravación da canción.

B. Residencia

Este período previo de formación e desenvolvemento da canción culminará con tres días de convivencia nun espazo determinado pola Deputación entre a persoa ou persoas que compoñan a proposta seleccionada e a persoa encargada da titorización.

Durante este período de convivencia realizarase un último ensaio coa canción creada; asistírase a un estudio profesional para a gravación do tema e realizarase o obradoiro que se describe a continuación.

C. Obradoiro “Entrando na escena musical galega”

Formación práctica de 4 horas de duración dirixida a aspectos básicos para o inicio dunha carreira musical, incluíndo comunicación, manexo de equipamento básico para gravación e directo, redes de apoio ou panorama actual da música en galego e a súa proxección, pero axeitándose tamén no posible ás necesidades e demandas expostas previamente polos propios participantes.

Organización da residencia

As persoas participantes aloxaranse nun espazo determinado pola Deputación.

A residencia comenizará o primeiro día pola tarde coa realización do último ensaio, de cara á gravación do tema que se producirá o día seguinte nos estudos seleccionados para o efecto.

O último dos tres días destinarase á realización do obradoiro pola mañá e pola tarde.

Os gastos derivados do aloxamento, así como os do transporte ao estudio son asumidos pola Deputación provincial.

Os desprazamentos ata o lugar de residencia e de regreso aos domicilios familiares son por conta da persoas participantes.

A Deputación tamén porá ao dispor das persoas participantes un servizo de monitorado para o seu acompañamento durante a residencia.

Dereitos

Ao igual que o establecido para as cancións que se graven tras o premio, os titulares das obras musicais presentadas, a través da aceptación das bases deste premio, outorgan unha licenza non exclusiva, gratuíta e intransmisíble á Deputación da Coruña, aos centros educativos tanto públicos coma privados, así como ás asociacións ou organismos con fins sociais e culturais e que carezan de fins de lucro, nos termos do artigo 50 da Lei de propiedade intelectual, o Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Os dereitos cedidos son os de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades, incluída a de posta a disposición, e a de sincronización.

O ámbito territorial da cesión alcanza todos os países do mundo e a duración será de 10 anos.

A finalidade desta licenza atende ao espírito deste premio de dinamización da creatividade infantil e xuvenil, promoción das obras presentadas e dinamización da lingua galega

A Coruña, 4 de decembro de 2025

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez

2025/8212